



FACULDADE DE MATEMÁTICAS

MEMORIA
DO TÍTULO UNIVERSITARIO
OFICIAL DE

GRAO EN MATEMÁTICAS

pola Universidade de

SANTIAGO DE
COMPOSTELA

APROBADA POLA XUNTA DA FACULTADE DE MATEMÁTICAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA O DÍA 22 DE XANEIRO DE 2008.

APROBADA POLO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA O DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2008.

INFORME DE VERIFICACIÓN DE ANECA DO DÍA 6 DE MAIO DE 2008.

VERIFICACIÓN POSITIVA POLO CONSELLO DE UNIVERSIDADES O DÍA 28 DE MAIO DE 2008.

AUTORIZACIÓN DA IMPLANTACIÓN DO TÍTULO POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSTARIA POR DECRETO 154/2008, DE 17 DE XULLO (DOG DE 30 DE XULLO DE 2008).

ESTABLECEMENTO DO CARÁCTER OFICIAL DO TÍTULO E A SÚA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE UNIVERSIDADES, CENTROS E TÍTULOS POR RESOLUCIÓN DO 24 DE SETEMBRO DE 2008 (ACORDO DO CONSELLO DE MINISTROS DE 29 DE AGOSTO-BOE DE 26 DE SETEMBRO).

PUBLICADO NO BOE DE 16 DE FEBREIRO DE 2009 POR RESOLUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE 21 DE XANEIRO DE 2009.

Índice

1. Descrición do título.....	9
2. Xustificación.....	15
3. Obxectivos.....	21
4. Acceso e admisión de estudantes.....	25
5. Planificación das ensinanzas.....	31
6. Persoal académico.....	131
7. Recursos materiais e servizos.....	143
8. Resultados previstos.....	151
9. Sistema de garantía da calidade.....	161
10. Calendario de implantación.....	179

Introdución

Este documento recolle a Memoria do Proxecto de Título de Grao en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela que acompaña a solicitude de verificación da proposta de título.

O Plan de Estudos constitúe unha proposta de formación deseñada de forma coordinada a distintos niveis na Universidade de Santiago de Compostela, sobre a base do traballo dunha Comisión Redactora nomeada polo reitor, a proposta da Xunta da Facultade de Matemáticas, tomando en consideración a dedicación dos estudantes nun período de 4 anos a tempo completo.

A proposta recolle aspectos como os obxectivos e competencias para adquirir polos estudantes, a estrutura, organización e compromiso da institución sobre os recursos humanos e materiais, as condicións nas que se van desenvolver as ensinanzas, os resultados previstos e o sistema de garantía interna de calidade que a Universidade de Santiago de Compostela asegura para o devandito título.

Comisión Redactora

Sr. D. **Juan M. Viaño Rey** - Decano da Facultade – Presidente
Sr. D. **Leovigildo Alonso Tarrío** – Dpto. de Álgebra
Sr. D. **Alberto Cabada Fernández** – Dpto. de Análise Matemática
Sr. D. **Ignacio García Jurado** - Dpto. de Estatística e Inv. Operativa
Sr. D. **José Luis Gómez Pardo** – Dpto. de Álgebra
Sr. D. **Wenceslao González Manteiga** – Dpto. de Estatística e Inv. Operativa
Sr. D. **Xosé M^a Masa Vázquez** – Dpto. Xeometría e Topoloxía
Sr. D. **José Antonio Oubiña Galiñanes** – Dpto. de Xeometría e Topoloxía
Sra. Dna. **Peregrina Quintela Estévez** – Dpto. de Matemática Aplicada
Sr. D. **Miguel A. del Río Vázquez** – Dpto. de Análise Matemática
Sra. Dna. **Carmen Rodríguez Iglesias** – Dpto. de Matemática Aplicada
- Secretaria

1. Descrición do título

1.1 Denominación:

Graduado ou Graduada en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela.

1.1.1 Nome do Título: Matemáticas

1.1.2 Rama: Ciencias

1.1.3 Código UNESCO de clasificación de títulos¹: ISCED 5A46

1.2. Universidade solicitante e centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto:

Universidade de Santiago de Compostela (USC). Facultade de Matemáticas.

1.3. Tipo de ensinanza da que se trata (presencial, semipresencial, a distancia, etc.):


Presencial

1.4. Número de prazas de novo ingreso ofertadas (estimación para os primeiros 4 anos):

- 2 primeiros anos de impartición (período de implantación): 80 alumnos
- A partir do 3º ano de impartición: 120 alumnos.

Esta previsión baséase no número de novos alumnos da Licenciatura de Matemáticas nesta Facultade nos últimos anos, que se reflicte na gráfica seguinte e que indica que a oferta é suficiente para cubrir a potencial demanda.

1. A utilización deste código é unha recomendación internacional. Preténdese facilitar o recoñecemento mutuo de decisións de acreditación por parte dun grupo de axencias europeas. Os códigos están dispoñibles en: http://www.uis.unesco.org/TEMPLATE/pdf/isced/ISCED_A.pdf. Na guía de apoio para a elaboración da memoria dispoñible na páxina web de ANECA pode atoparse información sobre o código UNESCO.

Alumnos de novo ingreso - Fac. Matemáticas - USC

Débase ter en conta tamén a capacidade das aulas do centro e a metodoloxía de ensino tanto para clases teórico-prácticas a grupos grandes (máximo de 80) como para traballos dirixidos, titorías en grupo ou clases en ordenador con grupos reducidos (máximo de 15-20 alumnos). Nos 2 primeiros anos de implantación, debido a que debe impartirse tamén docencia do plan actual, debemos ser prudentes en canto ao número de grupos reducidos que poderían atenderse e por esta razón limitaríamos o número de alumnos novos a 80. Está previsto establecer 2 grupos de 40 alumnos nas actividades con grupos grandes e 4-6 grupos de 20-14 alumnos para clases en grupos reducidos, os traballos dirixidos, titorías en grupo ou clases con ordenador. Nos anos seguintes con 120 alumnos pasaríase a 2 grupos de 60 alumnos e 6-8 grupos reducidos de 20-15 alumnos. A selección dos alumnos de novo ingreso rexeráse pola normativa xeral de xestión académica da USC, e en particular a que regula os procedementos de selección para o ingreso nos Centros Universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á universidade:

<http://www.usc.es/gl/normativa/xestionacademica/indxesta.htm>

1.5 Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo e, no seu caso, normas de permanencia. Os requisitos suscitados neste apartado poden permitir aos estudantes cursar estudos a tempo parcial e deben atender a cuestións derivadas da existencia de necesidades educativas especiais.

MATRÍCULA

Como resposta ás demandas da sociedade en constante transformación e á continua xeración de coñecemento, a Universidade de Santiago de Compostela, adaptándose a este contexto e para facilitar a formación dos estudantes ao longo de toda a vida, establece diversas modalidades de matrícula atendendo ás seguintes circunstancias:

A) MATRÍCULA DE NOVO INGRESO (PRIMEIRO CURSO PRIMEIRA VEZ)

Son estes os estudantes admitidos por primeira vez a realizar o primeiro curso dos estudos do Grao de Matemáticas. Están previstas 2 modalidades de matrícula:

1) Matrícula a tempo completo: 60 créditos ECTS para realizar durante o ano académico.

2) Matrícula a tempo parcial: 30 créditos ECTS ou o número de créditos máis próximo a esta cifra en función das materias das que se matricule.

De entrada todos os alumnos deben matricularse de 60 créditos. Os que desexen cursar os seus estudos a tempo parcial deben solicitalo unha vez matriculados e dentro dos prazos establecidos. O número de alumnos que poderá acollerse ao sistema de matrícula a tempo parcial serán o 20% dos alumnos matriculados neste primeiro curso de acordo coas prazas de novo ingreso ofertadas. Tendo en conta que a modalidade de matrícula a tempo parcial ten por obxecto, principalmente, a compatibilidade de estudo e traballo, serán os interesados (alumnos) os que no momento de formalizar a matrícula solicitarán esta modalidade. A selección realizarase o centro de entre os alumnos matriculados neste primeiro curso, ao abeiro da normativa e prazos establecidos. Esta selección realizarase atendendo aos criterios que regulen esta modalidade de matrícula: nota de acceso, traballo, residencia, etc. Os alumnos que sexan seleccionados na matrícula a tempo parcial procederán a facer o correspondente axuste de matrícula a segundo o criterio 2).

B) MATRÍCULA DE CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

Aqueles alumnos que iniciaron estudos en anos anteriores teñen unha gran liberdade para matricularse do número de créditos que desexen. A limitación só está condicionada polas obrigas académicas que estableza

o plan de estudos: ordenación temporal dos estudos, como prelacións ou prerequisites, compatibilidade horaria das materias matriculadas, etc. Ademais hai un límite máximo na matrícula a tempo completo en razón do número de horas ou volume de traballo que un estudante poderá realizar durante un curso académico, por iso non se lle permite matricularse de máis de 75 créditos ECTS a tempo completo. Con esta normativa inténtase implicar ao estudante no avance e progreso dos estudos que está a realizar.

Ademais destes sistemas, a USC ten unhas normas de matrícula xenéricas, que atenden a outras circunstancias dos alumnos e que se concretan nunha resolución reitoral que se publica para cada curso académico no mes de xuño, previo ao acceso á universidade e que para o curso 2007/2008 podemos consultar en: <http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0583.PDF>

C) PERMANENCIA

A Lei orgánica de universidades (6/2001 de 21 de decembro) no seu artigo 46. Deberes e Dereitos dos estudantes, no seu punto 3 establece que "As universidades establecerán os procedementos de verificación dos coñecementos dos estudantes nas universidades públicas. O Consello Social, previo informe do Consello de Universidades, aprobará as normas que regulan o progreso e a permanencia na universidade dos estudantes, de acordo coas características dos respectivos estudos".

O Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela non se pronunciou en relación coas competencias que nesta cuestión lle outorga a Lei, polo que a norma existente na actualidade e que é de aplicación aos alumnos da USC, do mesmo xeito que a maioría das universidades españolas singularizan os requisitos de permanencia no rendemento académico do primeiro ano no que inician os seus estudos, por iso e en relación coa PERMANENCIA a universidade ten aprobada unha norma provisional nos seguintes termos:

Superación do 50% dos créditos dos que formalice matrícula no primeiro ano (1º e 2º cuatrimestre) nos 3 primeiros anos de estudo, consecutivos ou alternos. O incumprimento deste requisito impedirá ao alumno continuar os estudos do Grao de Matemáticas na USC. En caso de iniciar os estudos do Grao de Matemáticas logo doutra titulación da USC, serán de aplicación os mesmos criterios de permanencia sen

que se teñan en conta as posibles validacións ou recoñecementos de estudos a estes efectos. Se nesta segunda oportunidade non cumprise os requisitos de permanencia, o alumno non poderá continuar ningún tipo de estudo na USC. Esta normativa pódese consultar na seguinte ligazón:

<http://www.usc.es/gl/normativa/estudiantes/Calidocencia3.htm>

D) NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

A USC dispón do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), dependente do Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social, que traballa no ámbito da integración de persoas con discapacidade e está en disposición de avaliar as necesidades educativas especiais que a Facultade está en disposición de asumir. http://www.usc.es/gl/perfiles/estudiantes/est_especiais.jsp.

1.6 Resto de información necesaria para a expedición do Suplemento Europeo ao Título consonte a normativa en vigor.

Será de aplicación o Art. 7 da Normativa de Transferencia e Recoñecemento de Créditos para Titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior: "Todos os créditos obtidos polo estudante, xa sexan transferidos, recoñecidos ou superados para a obtención do correspondente título, serán incluídos no seu expediente académico e reflectidos no Suplemento Europeo ao Título". Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título: <http://www.usc.es/gl/titulacions/set.jsp>

UNIDADE RESPONSABLE: Vicerreitoría de Oferta Docente e EEES. Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica: http://www.usc.es/gl/gobierno/opa_index.jsp

2. Xustificación

2.1 Xustificación do título proposto, argumentando o interese académico, científico ou profesional do mesmo. No caso de que o título habilite para o acceso ao exercicio dunha actividade profesional regulada en España, débese xustificar ademais a adecuación da proposta ás normas reguladoras do exercicio profesional vinculado ao título, facendo referencia expresa ás devanditas normas.

ACHEGA AO COÑECEMENTO

Tanto como disciplina científica como nos seus aspectos aplicados, as Matemáticas teñen unha tradición milenaria. Nos últimos anos, ademais de notables avances disciplinares, incrementouse a súa achega a campos clásicos como a Física e a Enxeñaría e a outros máis novos como a Economía, a Bioloxía ou a Medicina.

EMPREGABILIDADE

A Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela fixo estudos de inserción laboral entre os seus licenciados dos anos 1999-2003 que poden consultarse na páxina Web (www.usc.es/mate). Parte destes estudos atópanse incorporados aos datos de inserción laboral dos licenciados en Matemáticas elaborados para o Libro Branco da Titulación de Matemáticas do Programa de Convergencia Europea da ANECA (www.aneca.es). Por outra banda, foi publicado recentemente o informe Saídas Profesionais dos Estudos de Matemáticas: Análise da Inserción Laboral e Ofertas de Emprego, elaborado pola Real Sociedade Matemática Española (RSME) por encargo da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA). Este informe (que se pode consultar na páxina web da RSME (www.rsme.es)) baséase na análise dunha enquisa a nivel nacional na que participaron máis de 500 profesionais de matemáticas e estatística e na clasificación dunhas 1.500 ofertas de emprego para matemáticos aparecidas en diversos medios (Internet, prensa, etc.) nos primeiros cinco meses do ano 2007. Máis recentemente a Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG, www.acsug.es) fixo públicos os resultados da Enquisa de Inserción Laboral aos Titulados no SUG 2003-2005, con datos separados por titulacións, entre as que, por suposto, se atopa a de Matemáticas da USC.

Todos estes resultados son coincidentes, en liñas xerais, e demostran que os estudos de matemáticas, nas súas diferentes especialidades, ofrecen unhas expectativas laborais moi atractivas, de amplo espectro, máis aló do ámbito comunmente asignado da Docencia e Investigación, sendo os máis destacados Administración de Empresas, Calidade, Produción e I D, Finanzas e Banca, Informática e Telecomunicacións, Enxeñería e Técnicos de Márketing e Comunicación. De feito, na Universidade de Santiago de Compostela, nos últimos anos máis dun 55% dos licenciados traballa en sectores distintos da docencia (universitaria e non universitaria) e da investigación universitaria, que, por suposto, seguirá sendo un campo importante de emprego para os matemáticos no futuro.

Das enquisas a profesionais activos dedúcese que a incorporación dos titulados en matemáticas ao mercado laboral é un proceso moi rápido. Logo de 2 anos o índice de desemprego é só do 5%, e a ocupación é case total (98%) logo de 5 anos. Ademais, o 52% obtén un emprego estable en menos de 6 meses e en 2 anos a porcentaxe alcanza o 80%.

REFERENCIAS E CONEXIÓNS CON TITULACIÓNS AFÍNS

As Matemáticas son parte esencial da formación de científicos e enxeñeiros, e desempeñan un importante papel en Ciencias Sociais. Hai unha clara vinculación coas titulacións de Física, Estatística e Informática, aínda que os seus obxectivos son distintos dos de Matemáticas. A relación é cada vez maior coa Economía e as Enxeñarías. Como consecuencia é previsible unha cada vez maior interacción entre o Grao en Matemáticas e estudos nestes campos.

NO CONTORNO EUROPEO

Existen titulacións de Grao en Matemáticas, con distintos enfoques, en todos os países europeos. Os graduados europeos en Matemáticas conseguen emprego con facilidade e nos mesmos campos ca os españois.

2.2 Referentes externos á universidade proponente que avalen a adecuación da proposta a criterios nacionais ou internacionais para títulos de similares características académicas. Poden ser:

- **Libros blancos do Programa de Convergencia Europea da ANECA (www.aneca.es; sección libros blancos)**
- **Plans de estudos de universidades españolas, universidades europeas, doutros países ou internacionais, de acordo co descrito na guía de apoio para completar a Memoria para a Solicitud de Verificación de Títulos Universitarios Oficiais preparada por ANECA.**
- **Informes de asociacións ou colexios profesionais, españolas, europeas, doutros países ou internacionais.**
- **Títulos do catálogo vixentes á entrada en vigor da Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.**
- **Outros, coa xustificación da súa calidade ou interese académico².**

A proposta que se presenta ten como referencia fundamental as directrices marcadas no Libro Branco da Titulación de Matemáticas elaborado pola Conferencia de Decanos de Matemáticas dentro do Programa de Convergencia Europea da ANECA: http://www.aneca.es/activin/docs/libroblanco_jun05_matematicas.pdf.

Os contidos do Título de Grao en Matemáticas que se presentan forman parte do tronco común do mesmo título na case totalidade das Universidades europeas e en concreto nas do Proxecto Tuning: Técnica de Braunschweig-Alemaña, Técnica de Graz-Austria, Libre de Bruxelas-Bélxica, Plovdiv-Bulgaria, Lyngby-Técnica de Dinamarca, Cantabria-España, Autónoma de Madrid-España, Helsinki-Finlandia, París-Dauphine-Francia, Niza-Francia, Bath-Inglaterra, Limerick-Irlanda, Pisa-Italia, Porto-Portugal, Lund-Suecia..

Finalmente, resulta obvio que este título ten outro punto de referencia importante no actual Título de Licenciado en Matemáticas (Ciencias Experimentais) que forma parte do Catálogo Oficial de Títulos vixente á entrada en vigor da Lei Orgánica 4/2007 (LOMLOU), aprobado por Resolución Reitoral de 18 de decembro de 1992 (BOE 17 de febreiro 1993), modificado por Resolución Reitoral de 1 de marzo de 2001 (BOE 16 de marzo).

2. Dúas referencias de especial interese son os "Subject Benchmark Statements" da Axencia de calidade universitaria británica (QAA-Quality Assurance Agency for Higher Education) e as propostas das asociacións pertencentes á asociación americana Council for Higher Education Accreditation (CHEA). Pódese atopar información sobre estas fontes na guía de apoio para completar a memoria dispoñible na páxina web de ANECA.

2.3 Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos. Estes poden ser con profesionais, estudantes ou outros colectivos.

A Comisión Redactora do Plan de Estudos estivo integrada por 11 profesores da Facultade de Matemáticas, propostos polos Departamentos adscritos á Facultade. Os profesores representan as distintas áreas de coñecemento presentes na Facultade, excepto o Área de Astronomía, Astrofísica e Física da Terra, (integrada no Departamento de Matemática Aplicada) a cuxos integrantes se lles permitiu intervir cada vez que se trataron puntos que lles afectaron (caso das materias optativas e básicas). Aínda que se contou coa referencia indirecta dos alumnos, estes non figuran formalmente como integrantes da Comisión porque os estudantes non tiñan ningún representante na Xunta de Centro.

Durante o seu traballo empregáronse os seguintes procedementos de consulta:

- Entrevistas con alumnos da Facultade para coñecer a súa opinión sobre o estado actual e perspectivas de futuro da titulación.
- Enquisas a alumnos e profesores sobre a carga de traballo que supoñen as distintas actividades realizadas en distintas materias do plan actual.
- Informes e proxectos docentes dos 28 profesores da Facultade participantes no Proxecto Piloto de Adaptación de Materias ao Crédito Europeo da Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) durante os cursos 2004/05 e 2005/06 (www.acsug.es)
- Entrevistas con responsables das empresas participantes no Foro de Emprego para Matemáticos, Físicos e Informáticos que se celebra anualmente na Facultade, dirixido aos alumnos dos últimos anos e recentemente licenciados. Participan cada ano 14/15 empresas sobre todo do ámbito da asesoría, finanzas e novas tecnoloxías.
- Entrevistas con profesores do ensino medio e universitaria, responsables da organización e corrección das probas de acceso á Universidade (PAAU) que informaron sobre a formación real coa que os estudantes acceden á universidade.
- Entrevistas e sesións de traballo cos Decanos das Facultades de Bioloxía, Física e Química da USC.
- Entrevista co Director do Observatorio Astronómico "Ramón M^a Aller" da USC
- Informes de emprego dos Licenciados en Matemáticas elaborado pola Real Sociedad Matemática Española (RSME) -<http://www.rsme.es/comis/prof/RSME-ANECA.pdf>-, da Axencia de Calidade do Sistema

- Universitario Galego (ACSUG) – www.acsug.es – y da propia Facultade de Matemáticas – www.usc.es/mate -.
- Informes e documentos elaborados pola Conferencia de Decanos de Matemáticas (CDM) – <http://www.usc.es/mate/cdm> -, o Comité Español de Matemáticas (CEMAT) – <http://www.ce-mat.org/> - e as súas comisións: Desenvolvemento e Cooperación, Educación, Historia, Información e Comunicación Electrónicas.
 - Informes PISA - Programa da OCDE para a Avaliación Internacional de Alumnos – auspiciado polo Instituto de Avaliación do MEC. - <http://www.mec.es/mecd/gabipren/documentos/files/informe-espanol-pisa-2006.pdf>
 - Terceiro Estudo Internacional de Matemáticas e Ciencias (TIMSS) auspiciado polo MEC e o Instituto Nacional de Calidade e Avaliación: <http://www.ince.mec.es/timss/timssmat.pdf>

3. Obxectivos

3.1 Especificar os obxectivos xerais do título e as competencias que adquirirá o estudante tras completar o período formativo. As competencias propostas deben ser avaliábeis e coherentes coas establecidas para títulos de Graduado. No caso de que o título habilite para o exercicio dunha actividade profesional regulada en España, o plan de estudos deberá axustarse ás disposicións que estableza o Goberno para o devandito título.

OBXECTIVOS XERAIS

- Formar graduados que coñezan a natureza, os métodos e os fins máis relevantes das distintas áreas das Matemáticas, posibilitando o seu acceso ao mercado de traballo en postos cun nivel medio-alto de responsabilidade ou continuar estudos posteriores cun alto grao de autonomía en disciplinas científicas ou tecnolóxicas.
- Desenvolver nos estudantes as capacidades analíticas e de abstracción, a intuición e o pensamento lóxico e rigoroso a través do estudo da Matemática.
- Transmitir aos estudantes unha visión das Matemáticas como parte integrante da Educación e a Cultura que lles permita recoñecer a súa presenza na Natureza a través da Ciencia, a Tecnoloxía e a Arte.
- Transmitir aos estudantes o respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

COMPETENCIAS XERAIS

- Coñecer os conceptos, métodos e resultados máis importantes das distintas ramas das Matemáticas, xunto con certa perspectiva histórica do seu desenvolvemento.
- Reunir e interpretar datos, información e resultados relevantes, obter conclusións e emitir informes razoados en problemas científicos, tecnolóxicos ou doutros ámbitos que requiran do uso de ferramentas matemáticas.
- Aplicar tanto os coñecementos teórico-prácticos adquiridos como a capacidade de análise e de abstracción na definición e formulación de problemas e na procura das súas solucións tanto en contextos

- académicos como profesionais.
- Comunicar, tanto por escrito como de forma oral, coñecementos, procedementos, resultados e ideas en Matemáticas tanto a un público especializado como non especializado.
 - Estudar e aprender de forma autónoma, con organización de tempo e recursos, novos coñecementos e técnicas en calquera disciplina científica ou tecnolóxica.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

- Comprender e utilizar a linguaxe matemática.
- Coñecer demostracións rigorosas dalgúns teoremas clásicos en distintas áreas da Matemática.
- Idear demostracións de resultados matemáticos, formular conxecturas e imaxinar estratexias para confirmalas ou negalas.
- Identificar erros en razoamentos incorrectos propoñendo demostracións ou contraexemplos.
- Asimilar a definición dun novo obxecto matemático, relacionalo con outros xa coñecidos, e ser quen de utilizalo en diferentes contextos.
- Saber abstraer as propiedades e feitos substanciais dun problema, distinguíndoas daquelas puramente ocasionais ou circunstanciais.
- Propoñer, analizar, validar e interpretar modelos de situacións reais sinxelas, utilizando as ferramentas matemáticas máis adecuadas aos fins que se persigan.
- Planificar e executar algoritmos e métodos matemáticos para resolver problemas no ámbito académico, técnico, financeiro ou social.
- Utilizar aplicacións informáticas de análise estatística, cálculo numérico e simbólico, visualización gráfica, optimización e software científico, en xeral, para experimentar en Matemáticas e resolver problemas.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

- Utilizar bibliografía e ferramentas de busca de recursos bibliográficos xenerais e específicos de Matemáticas, incluíndo o acceso por Internet.
- Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
- Comprobar ou refutar razoadamente os argumentos doutras persoas.

- Traballar en equipos interdisciplinares, achegando orde, abstracción e razoamento lóxico.
- Ler textos científicos tanto en lingua propia como noutras de relevancia no ámbito científico, especialmente a inglesa.

O traballo de Fin de Grao deberá verificar adecuadamente a adquisición polo estudante destas competencias.

As autoridades académicas do centro e a universidade teñen establecidos os mecanismos para que todas as actividades de docentes e discentes do plan se realicen respectando os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, a non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

4. Acceso e admisión de estudantes

4.1 Sistemas de información previa á matriculación e procedementos de acollida accesibles e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á universidade e á titulación. Dentro da información previa que se facilite deben constar as vías e requisitos de acceso ao título, incluíndo o perfil de ingreso recomendado.

NOTA.- Toda a información que se menciona neste apartado proporciónase ao alumno nos sobres de matrícula e na guía da Facultade de Matemáticas que se edita todos os anos coas debidas actualizacións.

INFORMACIÓN XERAL SOBRE A CIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA – PROGRAMA “A PONTE”

A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun dispositivo amplo e estruturado de información aos seus novos estudantes que comeza ata antes de que pensen en selo. En efecto, a USC puxo en marcha o Programa “A Ponte entre ou ensino medio e a USC” (Programa A Ponte):

<http://www.usc.es/gl/perfiles/futuros/aponte/index.jsp>.

Como o seu nome indica, trátase de establecer unha ponte que facilite o tránsito entre o ensino do bacharelato e a da universidade. Para iso deseñouse un amplo programa de orientación e información que, basicamente, coloca ao estudante en óptimas condicións para coñecer a USC e a carreira que quere cursar. Para iso, numerosos profesores, alumnos e PAS da USC desprázanse aos distintos centros de bacharelato para informalos sobre o que ofrece a USC en cuestión de ensino, nivelación, bolsas, residencias, formación complementaria... Posteriormente, os alumnos desprázanse ás distintas facultades e escolas para coñecer todo o referente á carreira que pretenden cursar (plans de estudos, horas de clase e seminarios, prácticas en empresas, saídas profesionais...). Estas visitas realízanse a principios do terceiro trimestre e gozan dunha gran acollida. Finalmente, para conseguir calidade nos estudos e procurar que os mellores alumnos se matriculen nesta Universidade, realízase no mes de xullo un acto de recoñecemento para os mellores expedientes de bacharelato

.Unha vez os estudantes deciden estudar na USC, esta pon á súa disposición todo un dispositivo de información e acollida para

facilitar a súa inscrición, incorporación e integración como estudante universitario.

- En primeiro lugar, a USC ten dispoñible na súa páxina web (www.usc.es) unha información moi completa sobre a cidade de Santiago de Compostela e sobre a Universidade que inclúe historia, situación, planos, transporte, residencias, oferta cultural, deportiva...: http://www.usc.es/gl/info_xeral/
- Ademais na mesma páxina web pódese atopar información pormenorizada sobre a estrutura da Universidade (facultades, escolas, departamentos, institutos), Servizos á Comunidade Universitaria (Bibliotecas, Documentación e Arquivo, Linguas Modernas, Tradución, Aulas de Informática, Deportes, Saúde, Axudas e servizos ao alumnado, Reclamacións, Valedor da Comunidade Universitaria, Oficina de Servizos e Integrados da Mocidade, Voluntariado, Cultura, Tarxeta Universitaria).
- A universidade dispón ademais do Centro de Orientación Integral do Estudante (COIE) (<http://www.usc.es/es/servizos/portadas/coie.jsp>), situado no Campus Sur (a carón da Facultade de Matemáticas) que reúne e difunde toda a información de interese para os estudantes da USC ou de estudantes que pensen selo (orientación preuniversitaria).

VÍAS E REQUISITOS DE ACCESO AO TÍTULO

O artigo 14 do Real decreto 1393/2007 do 29 de outubro sobre organización dos ensinos Universitarios Oficiais establece que para acceder aos ensinos oficiais de Grao requirirase estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente e superar a proba á que se refire o Artigo 42 da Lei 6/2001 Orgánica de Universidades modifi cada pola Lei 4/2007 de 12 de abril, sen prexuízo dos demais mecanismos de acceso previstos pola normativa vixente.

A Orde do 19 de febreiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 6 de marzo) regula o proceso de incorporación dos estudantes, para o curso 2008/2009, ás universidades galegas. En Galicia o sistema Universitario aplica o principio de distrito único aos estudantes. Iso signifi ca que os estudantes en Galicia incorpóranse a calquera centro de ensino universitario con independencia do lugar da Comunidade Autónoma no que cursen os seus estudos de secundaria ou realicen as Probas de Acceso á Universidade.

Co obxectivo de conxugar por unha banda os principios do distrito único e distrito aberto, a autonomía universitaria e a coordinación dos procedementos e das competencias no acceso dos estudantes á universidade, as tres universidades galegas asinaron un convenio específico para a organización e o desenvolvemento das probas de acceso e a asignación das prazas no Sistema Universitario de Galicia, establecendo como comisión organizadora a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) de acordo co que establece a normativa vixente en relación coas probas de acceso.

Polo tanto, e en virtude desta normativa, os estudantes que superaron as probas de acceso á Universidade, poderán matricularse na titulación de Grao de Matemáticas no curso 2008/2009 en tanto que non está previsto establecer límite de prazas para o acceso, xa que se prevé unha demanda inferior ao número de prazas ofertadas neste primeiro ano de implantación.

Toda a información relativa ao acceso á universidade pódese obter na páxina web:

<http://ciug.cesga.es/PDF/Guia2008.pdf>

Ademais desta modalidade de acceso, a máis importante polo número de estudantes que a utilizan, existen outras posibilidades de acceder á universidade e matricularse no Grao de Matemáticas como son:

- Estar en posesión dos títulos académicos ou profesionais e probas que se recollen na convocatoria de matrícula que anualmente realiza a USC <http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0583.PDF>
- Os alumnos procedentes de universidades estranxeiras aos que se lles conceda a validación parcial dos estudos que pretenden continuar na USC de acordo cos criterios que determine esta Universidade (ver apartado 2.1.2.2 da convocatoria de matrícula do curso 2007/08): <http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0583.PDF>

E Art. 30.2 das Normas de Xestión Académica:
<http://www.usc.es/estaticos/normativa/pdf/normasxestionacademica.pdf>

PERFIL DE ACCESO RECOMENDADO

- Dado que non se esixe ningunha formación previa específica, os alumnos poden ser admitidos na titulación de Grao de Matemáticas se reúnen os requisitos de acceso que establece a lei e posto que non se establece un límite de prazas, para o ingreso no Grao en Matemáticas recoméndase que a formación do alumno sexa de perfil científicotecnolóxico. Dentro dese perfil, ademais das matemáticas, resulta recomendable, pero non imprescindible, haber cursado materias de bioloxía, física e química.
- Calidades desexables do futuro estudante do Grao de Matemáticas:
 - Gusto por resolver problemas
 - Habilidade no cálculo
 - Rapidez mental
 - Visión xeométrica no espazo
 - Capacidade de razoamento lóxico

4.2 No seu caso, sempre autorizadas pola administración competente, indicar as condicións ou probas de acceso especiais.

Non se contemplan condicións nin probas de acceso especiais..

4.3 Sistemas de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados.

INFORMACIÓN E ACOLLIDA NO CENTRO

Conscientes de que o estudante novo ten dificultades para asimilar e moverse no complexo entramado universitario, o Programa A Ponte, deseñou un plan de acollida en cada centro baseado nos seguintes puntos:

- *Unha sesión informativa especial* a cargo do equipo decanal o primeiro día do curso, na que se explican os detalles do funcionamento da Facultade (aulas de informática, préstamo bibliotecario, salas de estudo) e as orientacións xerais sobre o plan de estudos: normas de permanencia, exames, consellos sobre matrícula, convocatorias... A esta sesión asistirá un representante do equipo reitoral que informará

aos novos alumnos do funcionamento da Universidade en xeral e sobre todo dos seus dereitos e deberes. Esta sesión acaba coa asignación a cada grupo de dez alumnos, dun alumno-titor que seguirá con eles durante toda a tarde e que os porá ao corrente da vida académico-universitaria. Estes alumnos forman parte do:

- *Sistema de tutorías personalizadas.*-No segundo cuadrimestre de cada curso prepararase un grupo de alumnos de último ano para ser alumnos-titores dos alumnos novos no curso seguinte. Este Curso de Tutores, impartido por persoal cualificado, poraos ao corrente en todo o relacionado coa USC e coa forma de tratar aos novos estudantes. Como se dixo arriba, a súa titorización comeza o primeiro día do curso seguinte e segue durante todo o curso académico. Con este sistema, xa experimentado no curso 2006/07, preténdese ter unha relación moi fluída dentro da Facultade en todo o referente a información e orientación. Na actualidade estas actividades de titorización teñen un recoñecemento en créditos (de libre configuración). No futuro, deberán ser convenientemente reguladas para poder ser susceptibles de recoñecemento en créditos optativos segundo o art. 12.8 do R.D. 1394/2007. Ademais, trátase dunha actividade complementaria interesante para ser realizada por alumnos de posgrao que, coa debida regulamentación por parte da universidade, poderían tamén incorporarse.

- *Persoal administrativo con funcións de información a estudantes:* Responsable da Unidade Administrativa de Apoio ao Centro y aos Departamentos, Secretaría do Decanato, Conserxes, Persoal de Biblioteca.

GUÍA DO GRAO DE MATEMÁTICAS: INFORMACIÓN PORMENORIZADA SOBRE A FACULTADE DE MATEMÁTICAS, O PLAN DE ESTUDOS DE GRAO E OS PROGRAMAS DETALLADOS DAS MATERIAS.

Cada ano entregárase a todos os estudantes da Facultade unha Guía do Curso, na que se incluírá información polo miúdo sobre a Facultade (Biblioteca, Aulas de Docencia, Aulas de Informática, Departamentos, Profesorado...), Plan de Estudos do Grao de Matemáticas (Estrutura, Materias Obrigatorias, Materias Optativas, Materias Básicas, Traballo Fin de Grao, Recoñecemento de Créditos), Normativa Académica (Regulamento Interno, Xunta de Facultade e Comisións, Reclamacións, Cambios de Grupo, Uso de Instalacións), Organización Docente do curso (Horarios, Calendario de Exames, Grupos) e Programas Docentes

detallados de todas as materias. Esta guía e todos os regulamentos e documentos relacionados (entre eles as Guías Docentes das Materias) estarán tamén dispoñibles na páxina Web da Facultade:

<http://www.usc.es/mate/02documentos/documentos.htm>.

4.4 Transferencia e recoñecemento de créditos: sistema proposto pola universidade de acordo co artigo 13 do Real Decreto 1393/2007.

Será de aplicación o sistema proposto pola Universidade de Santiago de Compostela na Normativa sobre Transferencia e Recoñecemento de Créditos para Titulacións Adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior aprobado polo Consello de Goberno.

UNIDADE RESPONSABLE: Vicerreitoría de Oferta Docente e EEES.
Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica:

http://www.usc.es/gl/goberno/opa_index.jsp

5. Planificación das ensinanzas

5.1. Estrutura das ensinanzas, incluíndo a seguinte información:

5.1.1. Distribución do plan de estudos en créditos ECTS, por tipo de materia (táboa 1).

De acordo co Art. 12.2 do R.D. 1393/2007, o plan de estudos do Grao en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela ten un total de 240 créditos, distribuídos en 4 cursos de 60 créditos cada un, divididos en 2 cuatrimestres, que inclúen toda a formación teórica e práctica que o estudante debe adquirir, de acordo coa distribución que figura nas táboas seguintes en canto aos aspectos básicos da rama, materias obrigatorias e optativas, traballo de fin de Grao e outras actividades formativas.

Táboa 1. Resume das materias e distribución en créditos ECTS que debe realizar o alumno

TIPO DE MATERIA	CRÉDITOS
Formación básica	66
Obrigatorias	126
Optativas	36
Prácticas externas obrigatorias	0
Traballo fin da titulación	12
CRÉDITOS TOTAIS	240

Táboa 1BIS. Resume da oferta académica

OFERTA PERMANENTE DEL CENTRO	CRÉDITOS
Formación básica	66
Obrigatorias	126
Optativas	72
Prácticas externas obrigatorias	0
Traballo fin da titulación	12
CRÉDITOS TOTAIS OFERTA PERMANENTE DO CENTRO	276

RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS OPTATIVOS	CRÉDITOS
Prácticas externas recoñecidas no art. 12.6 do R.D. 1393/2007	máximo: 6
Competencias transversais da USC (máximo 9) e actividades recoñecidas no art. 12.8 do R.D. 1393/2007 (máximo 6)	máximo:12
CRÉDITOS OPTATIVOS POR RECOÑECEMENTO	máximo: 18
TOTAL OFERTA AO ALUMNO	294

GRAO EN MATEMÁTICAS-USC					
DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DE MATERIAS					
Curso 1º					
1º Cuadrimestre	ECTS	Carácter	2º Cuadrimestre	ECTS	Carácter
Elementos de probabilidade e estatística	6	Básica-Rama de Ciencias	Biología básica	6	Básica-Rama de Ciencias
Informática	6	Básica-Rama de Ingeniería y Arquitectura	Continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real	6	Básica-Rama de Ciencias
Introdución á análise matemática	6	Básica-Rama de Ciencias	Espazos vectoriais e cálculo matricial	6	Básica-Rama de Ciencias
Linguaxe matemática, conxuntos e números	6	Básica-Rama de Ciencias	Integración de funcións dunha variable real	6	Básica-Rama de Ciencias
Química básica	6	Básica-Rama de Ciencias	Topoloxía dos espazos euclidianos	6	Básica-Rama de Ciencias
Total	30		Total	30	
Curso 2º					
1º Cuadrimestre	ECTS	Carácter	2º Cuadrimestre	ECTS	Carácter
Álgebra lineal e multilineal	6	Obrigatoria	Análise numérico matricial	6	Obrigatoria
Cálculo numérico nunha variable	6	Obrigatoria	Curvas e superficies	6	Obrigatoria
Diferenciación de funcións de varias variables reais	6	Obrigatoria	Xeometría lineal	6	Obrigatoria
Física básica	6	Básica-Rama de Ciencias	Introdución ás ecuacións diferenciais ordinarias	6	Obrigatoria
Programación lineal e enteira	6	Obrigatoria	Series funcionais e integración de Riemann en varias variables reais	6	Obrigatoria
Total	30		Total	30	

Curso 3º					
1º Cuadrimestre	ECTS	Carácter	2º Cuadrimestre	ECTS	Carácter
Cálculo vectorial e integración de Lebesgue	6	Obrigatoria			
Ecuacións diferenciais ordinarias	4,5	Obrigatoria	Ecuacións alxebraicas	6	Obrigatoria Obrigatoria
Probabilidade e estatística	6	Obrigatoria	Inferencia estatística	6	Obrigatoria
Estruturas alxebraicas	6	Obrigatoria	Teoría global de superficies	6	Obrigatoria
Métodos numéricos en optimización e ecuacións diferenciais	6	Obrigatoria	Series de Fourier e introdución ás ecuacións en derivadas parciais	4,5	Obrigatoria
Topoloxía xeral	4,5	Obrigatoria	Topoloxía de superficies	4,5	Obrigatoria
Total	33		Total	27	
Curso 4º					
1º Cuadrimestre	ECTS	Carácter	2º Cuadrimestre	ECTS	Carácter
Modelización matemática	6	Obrigatoria	Optativa	6	Optativa
Variable complexa	6	Obrigatoria	Optativa	6	Optativa
Optativa	6	Optativa	Optativa	6	Optativa
Optativa	6	Optativa	Traballo Fin de Grao (*)	12	Obrigatoria
Optativa	6	Optativa			
Total	30		Total	30	

(*) Os Traballos de Fin de Grao serán ofertados tamén no primeiro cuadrimestre para aqueles alumnos que reúnan os requisitos para a súa realización e matrícula.

GRAO EN MATEMÁTICAS-USC OFERTA TOTAL DE MATERIAS			
MATERIAS VINCULADAS A MATERIAS BÁSICAS DA ÁREA DE CIENCIAS	ECTS	CURSO	Cuadrimestre
Elementos de probabilidade e estatística	6	1 ^o	1 ^o
Introdución á análise matemática	6	1 ^o	1 ^o
Linguaxe matemática, conxuntos e números	6	1 ^o	1 ^o
Química básica	6	1 ^o	1 ^o
Bioloxía básica	6	1 ^o	2 ^o
Continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real	6	1 ^o	2 ^o
Espazos vectoriais e cálculo matricial	6	1 ^o	2 ^o
Integración de funcións dunha variable real	6	1 ^o	2 ^o
Topoloxía dos espazos euclidianos	6	1 ^o	2 ^o
Física básica	6	2 ^o	1 ^o
TOTAL CRÉDITOS BÁSICOS DA ÁREA DE CIENCIAS	60		
MATERIAS VINCULADAS A MATERIAS BÁSICAS DA ÁREA DE ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA	ECTS	CURSO	Cuadrimestre
Informática	6	1 ^o	1 ^o
TOTAL CRÉDITOS BÁSICOS DA ÁREA DE ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA	6		
TOTAL CRÉDITOS DE MATERIAS BÁSICAS	66		
MATERIAS OBRIGATORIAS	ECTS	CURSO	Cuadrimestre
Álgebra lineal e multilineal	6	2 ^o	1 ^o
Cálculo numérico nunha variable	6	2 ^o	1 ^o
Diferenciación de funcións de varias variables reais	6	2 ^o	1 ^o
Programación lineal e enteira	6	2 ^o	1 ^o
Análise numérica matricial	6	2 ^o	2 ^o
Curvas e superficies	6	2 ^o	2 ^o
Xeometría lineal	6	2 ^o	2 ^o
Introdución ás ecuacións diferenciais ordinarias	6	2 ^o	2 ^o
Series funcionais e integración de Riemann en varias variables reais	6	2 ^o	2 ^o
Cálculo vectorial e integración de Lebesgue	6	3 ^o	1 ^o
Ecuacións diferenciais ordinarias	4,5	3 ^o	1 ^o
Probabilidade e estatística	6	3 ^o	1 ^o
Estruturas alxebraicas	6	3 ^o	1 ^o
Métodos numéricos en optimización e ecuacións diferenciais	6	3 ^o	1 ^o
Topoloxía xeral	4,5	3 ^o	1 ^o
Ecuacións alxebraicas	6	3 ^o	2 ^o
Inferencia estatística	6	3 ^o	2 ^o
Teoría global de superficies	6	3 ^o	2 ^o
Series de Fourier e introdución ás ecuacións en derivadas parciais	4,5	3 ^o	2 ^o
Topoloxía de superficies	4,5	3 ^o	2 ^o
Modelización matemática	6	4 ^o	1 ^o
Variable complexa	6	4 ^o	1 ^o
TOTAL CRÉDITOS DE MATERIAS OBRIGATORIAS	126		

MATERIAS OPTATIVAS	ECTS	CURSO	Cuadrimestre
Códigos correctores e criptografía	6	4º	1º
Análise funcional en espazos de Hilbert	6	4º	1º
Fundamentos de astronomía	6	4º	1º
Modelos de regresión e análises multivariante	6	4º	1º
Taller de simulación numérica	6	4º	1º
Variedades diferenciabes	6	4º	1º
Álgebra, números e geometría	6	4º	2º
Análises numéricas de ecuacións en derivadas parciais	6	4º	2º
Ecuacións diferenciais	6	4º	2º
Historia da matemática	6	4º	2º
Teoría de xogos	6	4º	2º
Topoloxía alxebraica	6	4º	2º
TOTAL OFERTA DE CRÉDITOS DE MATERIAS OPTATIVAS	72		
TRABALLO FIN DE GRAO	12	4º	1º - 2º
PRACTICAS EXTERNAS OBRIGATORIAS	0		
OFERTA TOTAL DE CRÉDITOS	276		

GRAO EN MATEMÁTICAS-USC MATERIAS BÁSICAS CON MATERIAS VINCULADAS RAMA DE COÑECEMENTO DO TÍTULO: CIENCIAS			
MATERIA	ECTS	MATERIA DE VINCULACIÓN	RAMA
Introdución á análise matemática	6	MATEMÁTICAS 42 ECTS	CIENCIAS – 60 ECTS
Elementos de probabilidade e estatística	6		
Linguaxe matemática, conxuntos e números	6		
Continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real	6		
Topoloxía dos espazos euclídeos	6		
Espazos vectoriais e cálculo matricial	6		
Integración de funcións dunha variable real	6		
Bioloxía básica	6	BIOLOXÍA 6 ECTS	ENXEÑERÍA E ARQUITECT. – 6 ECTS
Física básica	6	FÍSICA – 6 ECTS	
Química básica	6	QUÍMICA 6 ECTS	
Informática	6	INFORMÁTICA 6 ECTS	
TOTAL CRÉDITOS DE MATERIAS BÁSICAS	66	66	66

GRAO EN MATEMÁTICAS-USC MÓDULOS FORMATIVOS		
MATERIA	ECTS	MÓDULO
Espazos vectoriais e cálculo matricial	6	MÓDULO 1 ÁLXEBRA E XEOMETRÍA 18 ECTS
Álgebra lineal e multilineal	6	
Xeometría lineal	6	
Introdución á análise matemática	6	MÓDULO 2 ANÁLISE MATEMÁTICA DUNHA VARIABLE 24 ECTS
Continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real	6	
Integración de funcións dunha variable real	6	
Variable complexa	6	
Diferenciación de funcións de varias variables reais	6	MÓDULO 3 ANÁLISE MATEMÁTICA EN VARIAS VARIABLES 18 ECTS
Series funcionais e integración de Riemann en varias variables reais	6	
Cálculo vectorial e integración de Lebesgue	6	
Introdución ás ecuacións diferenciais ordinarias	6	MÓDULO 4 ECUACIÓNS DIFERENCIAIS 15 ECTS
Ecuacións diferenciais ordinarias	4,5	
Series de Fourier e introdución ás ecuacións en derivadas parciais	4,5	
Estruturas alxebraicas	4,5	MÓDULO 5 ESTRUTURAS ALXEBRAICAS 12 ECTS
Ecuaciones alxebraicas	6	
Curvas e superficies	6	MÓDULO 6 XEOMETRÍA DIFERENCIAL 12 ECTS
Teoría global de superficies	6	
Cálculo numérico nunha variable	6	MÓDULO 7 MÉTODOS NUMÉRICOS 18 ECTS
Análise numérica matricial	6	
Métodos numéricos en optimización e ecuacións diferenciais	6	
Elementos de probabilidade e estatística	6	MÓDULO 8 PROBABILIDADE, ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA 24 ECTS
Probabilidade e estatística	6	
Inferencia estatística	6	
Programación lineal e enteira	6	
Topoloxía dos espazos euclidianos	6	MÓDULO 9 TOPOLOXÍA 15 ECTS
Topoloxía xeral	6	
Topoloxía de superficies	6	
Modelización matemática	6	MÓDULO 10 MODELIZACIÓN 6 ECTS
Linguaxe matemática, conxuntos e números	4,5	MÓDULO 11 FORMACIÓN BÁSICA TRANSVERSAL 30 ECTS
Química básica	4,5	
Bioloxía básica	6	
Física básica	6	
Informática	6	

- A distribución das materias en cursos e cuatrimestres reflicte a organización da oferta por parte da Facultade pero ten carácter só orientativo para o alumno, que pode cursar estes créditos no momento que considere oportuno e coa distribución que desexe, sempre suxeito ás limitacións xerais que impoña a Universidade. Por outra banda, na descrición de cada materia figura, no seu caso, tamén a título orientativo, os requisitos previos que se recomendan para cursala.
- Todas as materias son cuatrimestrais e de 6 ECTS, excepto 4 delas do curso 3º. En efecto, no deseño xeral do plan vémonos obrigados a incluír en terceiro curso contidos mínimos de formación, adquisición de competencias e habilidades, relacionadas con ecuacións diferenciais e topoloxía que non foi posible encaixalas nunha materia de 6 ECTS. A posibilidade de poñer 2 materias de 6 para cada unha desbordaba o número total de 60 ECTS do curso, a menos que se fixese a costa doutras materias esenciais. Finalmente optouse por dedicar a ecuacións diferenciais as dúas materias "Ecuacións diferenciais ordinarias" e "Series de Fourier e ecuacións en derivadas parciais" de 4,5 ECTS cada unha e a topoloxía as dúas materias "Topoloxía xeral" e "Topoloxía de superficies", tamén de 4,5 ECTS cada unha.
- No Curso 4º, ademais de 12 créditos de materias obrigatorias e 12 do Traballo de Fin de Grao, o alumno deberá cursar 36 créditos optativos correspondentes a 6 materias, de 6 créditos cada unha, elixidas libremente entre 12 ofertadas (6 en cada cuatrimestre).

RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS OPTATIVOS

. Ata un máximo de 18 créditos, dos 36 optativos, poden obterse por recoñecemento académico de prácticas externas (máximo 6) e por acreditación de competencias transversais e/ou participación en actividades (máximo 12) de acordo cos tres puntos seguintes:

a) Segundo o Art. 12.6 do R.D. 1393/2007, os estudantes poderán obter recoñecemento académico dun máximo de 6 créditos optativos por realización de prácticas externas relacionadas co título. As prácticas externas non forman parte da oferta académica permanente da Facultade, aínda que esta colaborará cos órganos responsables da Universidade na organización das mesmas como oferta académica complementaria na formación dos seus estudantes.

b) De acordo coas liñas xerais da USC para elaboración de novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007, os estudantes poderán obter recoñecemento académico dun máximo de 9 créditos optativos

por acreditación de competencias transversais para todas as titulacións de Grao da USC, é dicir:

- competencias adquiridas no ámbito das tecnoloxías da información e comunicación relacionadas coa formación do título.
- competencias adquiridas no coñecemento e manexo de linguas estranxeiras no ámbito científico.
- competencias adquiridas no coñecemento da lingua galega.

c) De acordo co Art. 12.8 do R.D. 1393/2007, os estudantes poderán obter recoñecemento académico dun máximo de 6 créditos optativos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, sempre que teñan relación co ámbito das matemáticas no seu sentido máis amplo. Considéranse de especial interese na formación dos estudantes as actividades deste tipo que conecten as matemáticas coa astronomía e ciencias do espazo, con outras ciencias ou campos do saber, coa historia da ciencia, coa informática e a comunicación, etc.

Segundo a normativa a este respecto fixada pola USC, a suma dos créditos obtidos por recoñecemento nos apartados b) e c) será como máximo 12.

Os mecanismos de recoñecemento dos créditos aos que se refiren os apartados a), b) e c), así como os criterios de valoración e os procedementos de acreditación das competencias que se citan serán establecidos pola USC. En calquera caso, os recoñecementos deberán contar co informe da Comisión de Docencia e Asuntos Académicos da Facultade.

TRABALLO DE FIN DE GRAO

▪ Os alumnos poderán inscribirse para a realización do Traballo de Fin de Grao unha vez superados os 192 créditos obrigatorios. Na oferta de Traballos de Fin de Grao poderase requirir, individualizadamente, ter cursado algunha materia optativa concreta. No momento da presentación do traballo o alumno deberá ter superado todos os demais créditos necesarios para o título de grao, isto é, polo menos 228 ECTS. Para non atrasar a graduación dos estudantes que reúnan os requisitos, a Facultade ofertará traballos de Fin de Grao para a súa realización en ambos os cuadrimestres.

5.1.2. Descrición dos módulos ou materias (táboa 2)

A continuación descríbense todas as materias que compoñen o plan de estudos do Grao. As materias que constitúen unha unidade organizativa ou formativa agrúpanse en módulos. Para cada un dos módulos detállanse as competencias e resultados da aprendizaxe que o estudante adquire co devandito módulo. Para cada unha das materias dáse unha indicación metodolóxica das actividades de ensino aprendizaxe e un criterio xeral sobre a avaliación dos resultados da aprendizaxe. Cando as indicacións metodolóxicas e o criterio de avaliación son comúns para as materias dun módulo, estes reflíctense unha soa vez como indicación metodolóxica e criterio de avaliación do módulo, deixando en cada materia as indicacións específicas da mesma. As materias que non constitúen módulo ningún descríbense separadamente incluíndo competencias e resultados da aprendizaxe, indicación metodolóxica e criterios de avaliación.

Para todas as materias inclúese ademais: descrición breve dos contidos, requisitos previos recomendados para o seu estudo e táboa de actividades formativas co seu contido en horas do alumno.

A descrición detallada das actividades formativas e co seu contido en horas do alumno e a información sobre a avaliación está baseada nalgúns supostos e estimacións que deben terse en conta para unha correcta interpretación dos mesmos. Estes supostos e consideracións resumímolos a continuación.

1º) CRÉDITOS ECTS

De acordo co Art. 5 del RD 1125/2003, "o crédito europeo é a unidade de medida do haber académico que representa a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos e que se obtén pola superación de cada unha das materias que integran os plans de estudos dos diversos ensinos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Nesta unidade de medida intégranse os ensinos teóricos e prácticas, así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de estudo e de traballo que o estudante debe realizar para alcanzar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do correspondente plan de estudos."

Así pois, na asignación de créditos que configuren o plan de estudos e no cálculo do volume de traballo do estudante hai que ter en

conta o número de horas de traballo requiridas para a adquisición polos estudantes dos coñecementos, capacidades e destrezas correspondentes. Polo tanto, deberase computar o número de horas correspondentes ás clases lectivas, teóricas ou prácticas, as horas de estudo, as dedicadas á realización de seminarios, traballos, programas de ordenador, exposicións, prácticas ou proxectos, e as esixidas para a preparación e realización dos exames e probas de avaliación.

Suporemos que o número de horas por crédito ECTS é de 25 (RD 1125/2003). Cada curso consta de 60 ECTS (1.500 horas de traballo do alumno) cunha duración de 36 semanas a tempo completo e divídese en 2 cuatrimestres de 30 ECTS cunha duración de 18 semanas. Xa que logo, corresponde, aproximadamente, 1,67 ECTS por semana, isto é, 40 horas de traballo persoal.

Atendendo ás recomendacións das universidades con experiencia en ensino adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior, a carga docente de carácter "presencial" en cada unha das materias non deberá superar o 40% do total de horas de aprendizaxe comprendidas en cada crédito ECTS. Esta limitación sitúa o máximo de horas de carácter presencial en 10 horas, correspondendo así o mínimo de horas de traballo persoal a 15 por cada crédito ECTS.

Por outra banda, a lexislación sobre réxime de profesorado (RD 1497/1987 e modificacións posteriores) permite reducir as horas de clase do profesor, de modo que, en xeral, non poderá ser inferior ao 70% da carga lectiva da materia. Xa que logo, para un crédito ECTS típico, a carga docente presencial mínima debese situarse en 7 horas por crédito ECTS (que corresponde a un máximo de 18 horas de traballo persoal do alumno).

Neste esquema, para unha materia típica de 6 ECTS, corresponderían un mínimo de 42 e un máximo de 60 horas de actividade presencial. Como se verá, na presente proposta optouse polo máximo de actividade presencial en todas as materias pero facendo fincapé en dedicar unha parte importante desa presenza ás titorías en grupo, considerando que era recomendable desde o punto de vista pedagóxico, dadas as características propias da aprendizaxe matemática e a situación de novidade que supón o novo marco metodolóxico para profesores e alumnos.

2º) ACTIVIDADES FORMATIVAS

A actividade do alumno definida en créditos ECTS nos novos títulos de grao é esencialmente diferente á actual. Leva parella unha esixencia de traballo persoal do alumno que debe estar ben definida, planificada e supervisada polo profesor a través de seminarios e titorías. En contrapartida, é proporcionalmente menor a presenza do alumno en clases impartidas en grupos grandes e esixe unha maior participación en titorías en grupos reducidos ou en titorías individualizadas, así como en grupos de traballo de poucos alumnos cun seguimento máis personalizado.

A proposta que segue para o título de Grao en Matemáticas baséase nas seguintes consideracións e definicións sobre os grupos e as distintas actividades formativas.

Grupos

Fíxanse en función do tamaño das aulas da Facultade e da adecuación ás ensinanzas propias do Grao:

- a) *Grande*: Máximo 80 alumnos.
- b) *Reducido*: Máximo 20 alumnos
- c) *Moi reducido*: Máximo 8 alumnos.

Actividades formativas na aula con presenza do profesor

A) *Clase de encerado en grupo grande*: Lección impartida polo profesor que pode ter formatos diferentes (teoría, problemas e/ou exemplos xerais, directrices xerais da materia). O profesor pode contar con apoio de medios audiovisuais e informáticos pero, en xeral, os estudantes non os necesitan manexar en clase. Inclúense aquí as horas dedicadas a exames.

B) *Clases de encerado en grupo reducido*: Clase teórico/práctica na que se propoñen e resolven aplicacións da teoría, problemas, exercicios. O profesor pode contar con apoio de medios audiovisuais e informáticos pero, en xeral, os estudantes non os manexarán na aula. Tamén se inclúen as probas de avaliación se as houber.

C) *Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido*: Inclúense aquí as clases nas que o alumno utiliza o ordenador na aula de informática (clases de informática, uso de paquetes para ilustración práctica da teoría, prácticas de programación) ou prácticas de laboratorio, observatorio astronómico... Tamén se inclúen probas de avaliación con ordenador ou laboratorio.

D) *Titorías de encerado en grupo reducido*: Actividades de proposición e supervisión de traballos dirixidos, aclaración de dúbidas sobre teoría, problemas, exercicios, programas, lecturas ou outras tarefas propostas, presentación, exposición, debate ou comentario de traballos individuais ou realizados en pequenos grupos, que non necesitan impartirse na aula de informática nin no laboratorio.

E) *Titorías con ordenador/laboratorio en grupo reducido*: Considéranse aquí as actividades de proposición e supervisión de traballos dirixidos, aclaración de dúbidas sobre teoría, problemas, exercicios, programas, lecturas ou outras tarefas propostas, presentación, exposición, debate ou comentario de traballos individuais ou realizados en pequenos grupos, sempre que sexa necesario o uso de ordenador ou o laboratorio por parte dos alumnos.

F) *Titorías en grupos moi reducidos*: Titorías programadas polo profesor e coordinadas polo Centro. En xeral, suporán para cada alumno entre 1 e 3 horas por cuadrimestre e materia.

NOTA: As horas correspondentes a exames e/ou outros modelos de avaliación considéranse incluídas (implicitamente) nas horas "presenciais" contempladas nas modalidades A-B-C (exames finais ou controis intermedios) e D-E-F (avaliación continua).

Outras actividades formativas

A adquisición de competencias transversais (busca e ordenación de información, escritura correcta de traballos matemáticos, exposición oral de coñecementos en matemáticas, traballo en equipo...) require da realización e adestramento en tarefas específicas que o plan contempla de forma explícita nas distintas materias.

3º) AVALIACIÓN

Do volume de traballo total do alumno nunha materia, unha gran parte (nunca menor do 60%) corresponde ao traballo individual ou en grupo

que o alumno se compromete a realizar sen a presenza do profesor. Nestas horas de traballo inclúese a preparación das clases, o estudo, ampliación e síntese de información recibida, a resolución de exercicios, a elaboración e redacción de traballos, a escritura, verificación e comprobación de programas de ordenador, a preparación e ensaio de exposicións, a preparación de exames...

A avaliación da aprendizaxe debe comprender tanto o proceso como o resultado obtido. O rendemento do alumno na materia cursada depende, entre outros, da combinación de dous factores: o esforzo realizado e a capacidade do propio alumno. O exame avalía o resultado obtido pero non permite avaliar con exactitude o proceso de aprendizaxe. O xeito no que o avaliaremos condiciona o método de aprendizaxe e inflúe na aprendizaxe mesma.

A aprendizaxe a través dos créditos ECTS axústase a unha avaliación continuada que debe contribuír de forma decisiva a estimular ao alumno a seguir o proceso e a involucrarse máis na súa propia formación. Apóstase por un criterio xeral de avaliación para todas as materias no que é obrigado contar con dous instrumentos, a avaliación continua e o exame final, e recomenda que o peso mínimo da avaliación continua nesa cualificación sexa do 25%. Ademais deixa a porta aberta para que o profesor poida aumentar ese peso e limita a posibilidade de penalizar a un estudante que teña éxito no exame final e fracase na avaliación continua.

A avaliación debe servir para verificar que o alumno asimilou os coñecementos básicos que se lle transmitiron e adquirido as competencias xerais do título. Neste sentido, no Grao como Matemáticas, o exame escrito é unha ferramenta eficaz. Pero a avaliación tamén debe ser o instrumento de comprobación de que o estudante adquiriu as competencias prácticas do título. Por iso, é recomendable, e así se fai para varias materias, que, ademais do exame escrito ou como alternativa ao mesmo, se empreguen métodos de avaliación distintos (exposicións orais preparadas de antemán, explicacións curtas realizadas polos alumnos en clase, manexo práctico de bibliografía, uso de ordenador, traballo en equipo...) que permitan valorar se o alumno adquiriu as competencias transversais e prácticas que se mencionan no apartado 3.

En consonancia con todo o anterior, é necesario establecer un mecanismo moi serio de seguimento e titorización do traballo do alumno en todas

as facetas. Por iso, en cada materia o número de horas de titoría de asistencia obrigada (xa sexa en grupo reducido, moi reducido ou individualizada) será da orde do 20%-25% das horas presenciais do alumno.

A Facultade de Matemáticas fai unha aposta por institucionalizar o máis posible o proceso de avaliación continuada que implique, ademais do profesor avaliador, ao propio centro, a través de apoio na programación, coordinación e xestión de traballos individuais ou en grupo, avaliacións de control, exposicións, corrección dos exercicios ou autocorrección nas clases-titorías, etc.

Por iso, en todas as materias (básicas, obrigatorias e optativas) aplicaranse os dous criterios e a indicación metodolóxica que seguen, sen prexuízo doutros específicos que poidan completalos:

CRITERIO XERAL SOBRE AS HORAS DE TRABALLO DO ALUMNO E HORAS PRESENCIAIS (CLASES E TITORÍAS) EN TODAS AS MATERIAS

O número total de horas de traballo do alumno nunha materia de ECTS créditos é igual a $25 \times \text{ECTS}$. O número de horas de traballo presencial obrigatorio no aula está entre $7 \times \text{ECTS}$ e $10 \times \text{ECTS}$ cun 20%-25% de titorías en grupo ou individualizadas.

CRITERIO XERAL DE AVALIACIÓN PARA TODAS AS MATERIAS

En todas as materias do Grao a cualificación de cada alumno farase mediante avaliación continua e a realización dun exame final. A avaliación continua farase por medio de controis escritos, traballos entregados, participación do estudante no aula, titorías ou outros medios explicitados na programación da materia. A cualificación do alumno non será inferior á do exame final nin á obtida ponderándola coa avaliación continua, dándolle a esta última un peso non inferior ao 25%. O profesor fixará na guía docente anual o peso concreto que outorgará á avaliación continua e ao exame final, respectando a regra anterior, así como a tipoloxía, métodos e características do sistema de avaliación que propón.

INDICACIÓN METODOLÓGICA XERAL PARA TODAS AS MATERIAS

As clases de encerado consistirán basicamente en leccións impartidas polo profesor, dedicadas á exposición dos contidos teóricos e á resolución de problemas ou exercicios. Ás veces o modelo aproximarase á lección maxistral e outras, sobre todo nos grupos reducidos, procurarase unha maior implicación do alumno. As clases con ordenador/laboratorio permitirán, nuns casos, a adquisición de habilidades prácticas e, noutros, servirán para a ilustración inmediata dos contidos teóricos-prácticos, mediante a comprobación interactiva ou a programación. Todas as tarefas do alumno (estudo, traballos, programas de ordenador, lecturas, exposicións, exercicios, prácticas...) serán orientadas polo profesor nas sesións de titoría en grupo reducido. Con respecto ás titorías individualizadas ou en grupo moi reducido, atenderase aos estudantes para discutir cuestións concretas en relación coas súas tarefas ou para tratar de resolver calquera outra dificultade do alumno ou grupo de alumnos relacionada coa materia.

4º) RELACIÓN ENTRE AS COMPETENCIAS QUE DEBE ADQUIRIR O ESTUDANTE NO TÍTULO E AS ACTIVIDADES FORMATIVAS DE CADA MÓDULO OU MATERIA

Nas seguintes táboas establécese a relación de cada módulo ou materia coas competencias que debe adquirir o estudante. Separamos as competencias xerais, as específicas e as transversais e, para todas elas, separamos os módulos obrigatorios das materias optativas. As competencias están estreitamente ligadas ás actividades programadas nas materias do módulo. As actividades en cada materia poden ser presenciais (no aula, con profesor) e non presenciais (traballo persoal do alumno). Ademais, as actividades de cada tipo separámolas en subgrupos tal como se detalla a continuación. En conxunto quedan recollidas todas as actividades susceptibles de ser levadas a cabo nas materias do plan. En cada materia, en función das súas características propias de contidos, metodoloxía de aprendizaxe, métodos de avaliación, competencias a adquirir, etc. propónse un determinado número de horas para cada actividade. Estas horas son de obrigado cumprimento no grupo de presenciais e orientativas para o alumno no caso das non presenciais.

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABAJO PRESOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	-	Estudo autónomo individual ou en grupo	-
Clases de encerado en grupo reducido	-	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	-
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	-	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	-
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	-	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	-
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	-	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	-	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total horas traballo presencial na aula	-	Total horas traballo persoal do alumno	-

En ambos os casos, poden existir actividades da lista non previstas nalgunha materia: por exemplo, nalgunha materia non se fan presentacións orais e noutra non se fan traballos de programación en ordenador. Como se observará, para todos os módulos, no conxunto de materias que o compoñen cóbreuse todos ou case todos os tipos de actividades, con maior ou menor intensidade, o cal fai que exista unha gran transversalidade coas competencias: isto é, case todos os módulos teñen relación con case todas as competencias. Isto tamén se explica en parte pola gran interrelación que existe entre as diferentes ramas das Matemáticas que fai que non poidan compartimentarse as capacidades e habilidades que desenvolven no estudante as diferentes materias: a capacidade de abstracción ou de razoamento lóxico poténciase en todas as materias sexan estas de álgebra, análises, xeometría ou estatística.

Denominación do módulo

ÁLXEBA E XEOMETRÍA

COMPETENCIAS E RESULTADOS DA APRENDIZAXE QUE O ESTUDANTE ADQUIRE CON ESTE MÓDULO

Dominio das propiedades das matrices e da súa aplicación para formulación e resolución de sistemas de ecuacións lineais. Familiarizarse co uso das matrices en diversas ramas do saber. Unha primeira aproximación ás estruturas alxébricas: os espazos vectoriais e as aplicacións lineais como xeneralización dos vectores de \mathbb{R}^3 e as matrices, respectivamente. Comprender os conceptos de dependencia e independencia linear: reinterpretación dos conceptos de sistema compatible, rango dunha matriz, matriz invertible, etc. Comprender a necesidade de saber reducir matrices a formas predeterminadas e practicar os algoritmos correspondentes. Saber resolver problemas xeométricos do plano e do espazo. Clasificar as isometrías do plano e do espazo. Operar con vectores, bases, subespazos e aplicacións lineais. Resolver sistemas de ecuacións lineares. Clasificar matrices e aplicacións lineais segundo diversos criterios. Saber calcular a Forma Canónica de Jordan dunha matriz e diagonalizar formas cuadráticas. Operar con puntos, vectores, distancias e ángulos en espazos afíns e euclídeos. Clasificar cónicas e cuádricas. Utilizar paquetes de cálculo simbólico nos que se utilicen os conceptos anteriores. Estudiar a estrutura dos espazos vectoriais métricos ortogonais e a dos simplécticos. Estudiar os espazos afíns euclídeos e os movementos ríxidos do plano e do espazo.

Indicación metodolóxica para o módulo: Indicación xeral.

Criterio de avaliación para o módulo: Criterio xeral.

**MATERIA:
ESPazos VECTORIAIS E CÁLCULO MATRICIAL**

ECTS: 6

Carácter: Básica da Rama

Contidos: Espazos vectoriais. Independencia linear e dimensión.

Aplicacións lineares. Cambio de base e equivalencia de matrices. Álgebra de matrices: transformacións, factorizacións, matrices especiais. Sistemas de ecuacións lineais. Eliminación de Gauss. Teorema de Rouché-Frobenius.

Requisitos previos recomendados: Linguaxe matemática, conxuntos e números.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	30	Estudo autónomo individual ou en grupo	50
Clases de encerado en grupo reducido	10	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	30
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	10
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	10	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	-
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	3	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

MATERIA:
ÁLXEBRA LINEAL E MULTINEAL

ECTS: 6

Carácter: Obrigatoria

Contidos; Autovalores e autovectores de aplicacións lineais e matrices. Diagonalización. Forma canónica de Jordan. Clasificación de endomorfismos. Formas bilíneas e cuadráticas: Estructuras métricas en espazos vectoriais. Isometrías. Xeometría ortogonal, simpléctica e hermítica. Teoremas espectrais. Teorema de Sylvester. Aplicacións multilineares e determinantes. Tensores, álgebra tensorial.

Requisitos previos recomendados: Espazos vectoriais e cálculo matricial.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	40	Estudo autónomo individual ou en grupo	50
Clases de encerado en grupo reducido	-	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	30
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	10
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	10	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	-
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	3	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

**MATERIA:
XEOMETRÍA LINEAL**

ECTS: 6

Carácter: Obrigatoria

Contidos; Variedades lineais: puntos, rectas e planos. Incidencia e Paralelismo. Posicións relativas. Xeometrías afíns. Referencias afíns: coordenadas. Ecuacións de variedades lineais afíns. Colineacións afíns. Grupo afín. Cónicas e cuádricas afíns: lugares xeométricos, clasificación. Espazos euclídeos: ángulos e distancias. Desigualdade de Cauchy-Schwarz. Bases ortonormais. Proceso de Gram-Schmidt. Teorema espectral. Clasificación de isometrías. Espazos afíns euclidianos: Perpendicularidade, distancias. Grupo dos movementos. Produto vectorial en \mathbb{R}^3 .

Requisitos previos recomendados: Espazos vectoriais e cálculo matricial e Álgebra lineal e multilineal.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	40	Estudo autónomo individual ou en grupo	50
Clases de encerado en grupo reducido	-	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	30
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	10
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	10	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	-
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	3	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

Denominación do módulo

ANÁLISE MATEMÁTICA NUNHA VARIABLE**COMPETENCIAS E RESULTADOS DA APRENDIZAXE QUE O ESTUDANTE ADQUIRE CON ESTE MÓDULO**

Aprender a utilizar a análise de sucesións e series de números reais, de números complexos e de funcións dunha variable real como ferramenta para resolver unha gran diversidade de problemas. Dominar as técnicas do cálculo que destacan pola súa utilidade, versatilidade e potencia. Comprender as nocións de límite, continuidade, continuidade uniforme, converxencia de series numéricas, derivada e integral. Traballando con elas de forma intuitiva, xeométrica e rigorosa. Analizar e representar funcións, sabendo deducir propiedades das mesmas a partir das súas gráficas. Derivar con soltura. Suscitar problemas de optimización e aplicar os métodos estudados para resolvelos. Derivar unha función definida implicitamente. Calcular integrais en intervalos compactos usando o cambio de variable e a integración por partes, incluíndo funcións racionais e trigonométricas.

Comprender e utilizar os conceptos básicos das funcións dunha variable complexa. Coñecer a relación existente entre as funcións holomorfas e as funcións analíticas. Calcular residuos e utilizalos para a determinación de integrais reais.

Manexar con soltura un paquete de cálculo simbólico como apoio eficaz tanto para a comprensión conceptual como para a resolución de determinados exercicios.

Indicación metodolóxica para o módulo: Indicación xeral.

Criterio de avaliación para o módulo: Criterio xeral.

**MATERIA:
INTRODUCCIÓN Á ANÁLISE MATEMÁTICA**

ECTS: 6

Carácter: Básica da Rama

Contidos: Intuición da recta real. Revisión de coñecementos básicos da teoría de funcións reais dunha variable real: Representación gráfica. Introducción intuitiva á noción de límite nun punto e no infinito. Crecemento e decrecemento dunha función, máximos e mínimos relativos. Funcións elementais. Sucesións. Noción intuitiva de límite dunha sucesión numérica. Números reais e complexos. Axiomática da recta real. Axioma do supremo. Densidade dos números racionais. Numerabilidade. Topoloxía da recta real. Corpo dos números complexos. Sucesións numéricas. Límite dunha sucesión. Sucesión de Cauchy. Subsucesións. Sucesións monótonas. Teorema de Bolzano-Weierstrass. Series numéricas: criterios de converxencia. Converxencia absoluta. Teorema de Leibniz. Criterio de Dirichlet.

Requisitos previos recomendados: Requisitos xerais.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	30	Estudo autónomo individual ou en grupo	55
Clases de encerado en grupo reducido	10	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	20
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	10
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	10	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	5
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	3	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

MATERIA: CONTINUIDADE E DERIVABILIDADE DE FUNCIÓNS DUNHA VARIABLE REAL

ECTS: 6

Carácter: Básica da Rama

Contidos: Límite dunha función nun punto. Límites laterais e no infinito. Continuidade dunha función nun punto. Continuidade secuencial. Funcións monótonas e as súas inversas. Teorema de Bolzano. Teorema de Weierstrass. Continuidade uniforme. Concepto de derivada. Regra da cadea e derivada da función inversa. Derivadas das funcións elementais. Extremos relativos e anulación da derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. Monotonía e derivación. Regra de L'Hopital. O polinomio de Taylor. Fórmulas do resto. Caracterización de extremos relativos. Puntos de inflexión. Representación gráfica de funcións dunha variable real.

Requisitos previos recomendados: Introducción á análise matemática.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	30	Estudo autónomo individual ou en grupo	55
Clases de encerado en grupo reducido	10	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	20
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	10
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	10	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	5
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	3	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

**MATERIA:
INTEGRACIÓN DE FUNCIÓNS DUNHA VARIABLE REAL**

ECTS: 6

Carácter: Básica da Rama

Contidos: Construción da integral de Riemann. Sumas de Darboux. Funcións integrables. Sumas de Riemann. Propiedades da integral. Teorema fundamental do Cálculo Integral. Primitivas elementais. Integración por partes. Teorema do cambio de variable. Primitivas de funcións racionais e trigonométricas. Primitivas de funcións irracionais. Cálculo de áreas planas, lonxitudes de gráficas, volumes e áreas de revolución.

Requisitos previos recomendados: Introducción á análise matemática.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	30	Estudo autónomo individual ou en grupo	55
Clases de encerado en grupo reducido	10	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	20
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	10
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	10	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	5
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	3	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

**MATERIA:
VARIABLE COMPLEXA**

ECTS: 6

Carácter: Obrigatoria

Contidos: O plano euclidiano e o plano complexo. O plano complexo ampliado e a esfera de Riemann: o punto do infinito. Diferenciabilidade complexa. Ecuacións de Cauchy-Riemann. Funcións holomorfas. Funcións elementais dunha variable complexa. Integración ao longo dun camiño. Índice dun punto respecto dun camiño pechado. Versión local do teorema integral de Cauchy: fórmula integral de Cauchy. Analiticidade das funcións holomorfas. Teorema de Morera. Ceros das funcións holomorfas: teorema de unicidade. Teorema de Liouville. Teorema do módulo máximo. Teorema da aplicación aberta. Teorema integral de Cauchy. Series de Laurent. Teorema de Casoratti-Weierstrass. Residuos.

Requisitos previos recomendados: Diferenciación e integración de funcións dunha e varias variables reais.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	30	Estudo autónomo individual ou en grupo	60
Clases de encerado en grupo reducido	15	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	25
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	-	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	-
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	13	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	5
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	-	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

Denominación do módulo

ANÁLISE MATEMÁTICA EN VARIAS VARIABLES REAIS

COMPETENCIAS E RESULTADOS DA APRENDIZAXE QUE O ESTUDANTE ADQUIRE CON ESTE MÓDULO

Comprender os conceptos de converxencia e converxencia uniforme, aplicándoos ás integrais impropias e ás sucesións e series de funcións. Calcular derivadas parciais con soltura. Coñecer as técnicas de derivación dentro dunha integral. Relacionar curvas e superficies con obxectos xeométricos e funcións de varias variables reais. Dominar o concepto de diferencial de funcións de varias variables reais. Coñecer técnicas de resolución de diferentes problemas xeométricos e de optimización. Coñecer os fundamentos da integral de Riemann en varias variables. Dominar o cálculo do volume de recintos tridimensional así como o uso das coordenadas polares, cilíndricas e esféricas. Dominar o cálculo de integrais de curva e superficie. Coñecer os conceptos e resultados básicos do cálculo vectorial. Coñecer os fundamentos e técnicas básicas da teoría da medida e da integración de Lebesgue. Profundar na idea intuitiva de “medir” conxuntos. Relacionar a noción de medida coa de integración. Coñecer os teoremas da converxencia monótona, converxencia dominada, o lema de Fatou, o teorema de Fubini e o teorema do cambio de variable.

Indicación metodolóxica para o módulo: Indicación xeral.

Criterio de avaliación para o módulo: Criterio xeral.

MATERIA: DIFERENCIACIÓN DE FUNCIONES DE VARIAS VARIABLES REAIS

ECTS: 6

Carácter: Obrigatoria

Contidos: Límites direccionais. Límites reiterados. Estudo da continuidade nun punto. Derivada segundo un vector. Vector gradiente. O concepto de diferencial. A matriz Xacobiana. Interpretacións físicas e xeométricas. O teorema do valor medio para funcións reais de varias variables reais. Funcións continuamente diferenciáveis. Derivadas e diferenciais de orde superior. Permutación da orde de derivación. Estudo da diferencial segunda. Matriz Hessiana. Funcións de clase m . Fórmula de Taylor. Extremos relativos. Extremos condicionados. Cambios de variable. Problemas xeométricos. Teoremas da función implícita e da función inversa.

Requisitos previos recomendados: Introducción á análise matemática, continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real, integración de funcións dunha variable real, espazos vectoriais e cálculo matricial, topoloxía dos espazos euclidianos.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	30	Estudo autónomo individual ou en grupo	60
Clases de encerado en grupo reducido	10	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	20
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	10
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	10	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	-
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	3	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

MATERIA: SERIES FUNCIONAIS E INTEGRACIÓN DE RIEMANN DE VARIAS VARIABLES REAIS

ECTS: 6

Carácter: Obrigatoria

Contidos: Sucesións de funcións. Converxencia puntual e uniforme. Continuidade, derivabilidade e integrabilidade dos límites das sucesións de funcións. Series de funcións. Criterio de Weierstrass. Series de Potencias. Radio de converxencia. Teorema de Abel. Funcións analíticas. Integrais impropias: criterios de converxencia. Teorema de Dirichlet. Integral de Riemann dunha función acoutada nun rectángulo multidimensional. Condición de integrabilidade de Riemann. Conxuntos Jordan medibles. Conxuntos de volume cero. Integrais iteradas. Teorema de Fubini. Cambio de variables. Sistemas de coordenadas. Cálculo de integrais múltiples. Integrais dependentes dun parámetro. Derivación baixo o signo integral.

Requisitos previos recomendados: Introducción á análise matemática, Continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real, Integración de funcións dunha variable real. Diferenciación de funcións de varias variables reais.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	30	Estudo autónomo individual ou en grupo	60
Clases de encerado en grupo reducido	10	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	20
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	10
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	10	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	-
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	3	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

**MATERIA:
CÁLCULO VECTORIAL E INTEGRACIÓN DE LEBESGUE**

ECTS: 6

Carácter: Obrigatoria

Contidos: Gradiente, diverxencia, rotacional en coordenadas cartesianas e curvilíneas. Identidades do cálculo vectorial. Integrais de funcións escalares e vectoriais sobre curvas e superficies. Teoremas de Green, Stokes e Gauss. Medida exterior de Lebesgue. Conxuntos Lebesgue medibles. Conxuntos de medida cero. Funcións medibles. Teoremas de converxencia. A integral de Lebesgue en \mathbb{R}^n . Teoremas da converxencia monótona e da converxencia dominada. Lema de Fatou. Integrais iteradas: Teorema de Fubini. Cambio de variable na integral de Lebesgue. Relación entre as integrais de Riemann e de Lebesgue.

Requisitos previos recomendados: Diferenciación de funcións de varias variables reais. Series funcionais e integración de Riemann de varias variables reais.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	30	Estudo autónomo individual ou en grupo	65
Clases de encerado en grupo reducido	15	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	20
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	-	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	-
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	12	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	5
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	-	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	3	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

Denominación do módulo

ECUACIÓNS DIFERENCIAIS

COMPETENCIAS E RESULTADOS DA APRENDIZAXE QUE O ESTUDANTE ADQUIRE CON ESTE MÓDULO

Coñecer métodos de resolución analíticos de determinados tipos de ecuacións diferenciais ordinarias e en derivadas parciais. Resolver sistemas lineais de ecuacións diferenciais ordinarias. Extraer información cualitativa, sen necesidade da súa resolución, das solucións dunha ecuación diferencial ordinaria. Dominar a caracterización da estabilidade de sistemas lineais. Coñecer técnicas de estudo da estabilidade de sistemas non lineais. Coñecer exemplos relevantes de ecuacións diferenciais da Física e doutras ciencias. Facer modelos de problemas reais por medio de ecuacións diferenciais ordinarias e en derivadas parciais. Coñecer resultados básicos do espazo das funcións de cadrado integrable. Coñecer distintos tipos de converxencia das series de Fourier. Aplicar os desenvolvementos en serie á resolución práctica das ecuacións en derivadas parciais que regulan, nun marco elemental, procesos tales como a transmisión da calor ou de ondas, e a distribución de potencial, mediante exemplos concretos con significado físico. Utilizar un paquete informático no que se manexen os conceptos anteriores en ordenador.

Indicación metodolóxica para o módulo: Indicación xeral.

Criterio de avaliación para o módulo: Criterio xeral.

MATERIA: INTRODUCCIÓN Á ECUACIONES DIFERENCIAIS ORDINARIAS

ECTS: 6

Carácter: Obrigatoria

Contidos: Concepto de solución e problema de Cauchy. Existencia e unicidade de solucións. Dependencia da solución respecto das condicións iniciais. Solucións maximais. Métodos elementais de integración de ecuacións de primeira orde. Sistemas de ecuacións lineais. Matriz fundamental. Ecuacións lineais de orde superior.

Requisitos previos recomendados: Diferenciación de funcións de varias variables reais.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	30	Estudo autónomo individual ou en grupo	55
Clases de encerado en grupo reducido	10	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	20
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	10
Titorías en grupo reducido sen ordenador/laboratorio	10	Lecturas recomendadas, actividades en biblioteca ou similar	5
Titorías en grupo reducido con ordenador/laboratorio	3	Preparación de presentacións orais, debates ou similar	-
Titorías en grupos moi reducidos ou individualizadas	2	Asistencia a charlas, exposicións ou outras actividades recomendadas	-
Outras sesións con profesor. Especificar:	-	Outras tarefas propostas polo profesor. Especificar:	-
Total de horas de traballo presencial na aula	60	Total de horas de traballo persoal do alumno	90

**MATERIA:
ECUACIONES DIFERENCIAIS ORDINARIAS**

ECTS: 4.5

Carácter: Obrigatoria

Contidos: Sistemas autónomos. Retrato de fases asociado a un campo de vectores. Sistemas autónomos lineais e non lineais. Estabilidade e estabilidade asintótica. Primeira aproximación. Funcións de Lyapunov. Conca de atracción. Exemplos en problemas de física, bioloxía, medicina, etc.

Requisitos previos recomendados: Introducción ás ecuacións diferenciais ordinarias.

Indicación metodolóxica específica para a materia: Non.

Criterio de avaliación específico para a materia: Non.

Actividades formativas co seu contido en horas do alumno:

TRABALLO PRESENCIAL NA AULA	Horas	TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO	Horas
Clases de encerado en grupo grande	15	Estudo autónomo individual ou en grupo	40
Clases de encerado en grupo reducido	10	Escritura de exercicios, conclusións ou outros traballos	15
Clases con ordenador/laboratorio en grupo reducido	5	Programación/experimentación ou outros traballos en ordenador/laboratorio	7,5
